

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 6 DE ABRIL DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino e de promoción do Camiño Francés, por importe dun millón cento sesenta e dous mil cincuenta euros (1.162.050,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de 100 bolsas "excelencia mocidade exterior", co fin de cursar estudos de máster que se inicien no ano 2017 nunha universidade galega.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de dous millóns trescentos vinte e cinco mil euros (2.325.000,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano da Coruña, asinado o 22 de outubro de 2010, por importe de tres millóns seiscientos once mil trescentos oitenta e nove euros con dezaseis céntimos (3.611.389,16 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, asinado o 3 de decembro de 2010, por importe dun millón douscentos oitenta mil setecentos oitenta e oito euros con corenta e catro céntimos (1.280.788,44 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol, asinado o 27 de febreiro de 2010, por importe de novecentos corenta e tres mil seiscientos dezaioito euros con dezasete céntimos (943.618,17 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Lugo, asinado o 29 de decembro de 2010, por importe de cento dezasete mil catrocentos oitenta e nove euros con noventa céntimos (117.489,90 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga do Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e a empresa Renfe Viajeros, SA., polo que se instrumenta a integración desta empresa na área de transporte metropolitano de Ferrol.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de sondas de alimentación, urolóxicas, de aspiración, rectais e outras sondas e os

seus accesorios con destino ás estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de dous millóns cento trinta e un mil seiscientos catorce euros con once céntimos (2.131.614,11€), e un valor estimado de catro millóns cincocentos sesenta e nove mil oitocentos sesenta e sete euros con trinta e un céntimos (4.569.867,31€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia, por un importe total de vinte e seis millóns doce mil euros (26.012.000,00 €) e un valor estimado, por importe de corenta millóns oito mil euros (40.008.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan de estabilidade no emprego e provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas.

A XUNTA REFORZA A ESTRUTURA DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS PARA CONSOLIDALA COMO CENTRO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS QUE PROMOVE A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- *Dótase o organismo da estrutura necesaria para a execución, ademais das infraestruturas viarias, dos equipamentos sanitarios e educativos, entre outros*
- *O decreto optimiza o funcionamento da Administración, consolidando a Axencia na súa vertente técnica e de contratación, que se especializa neses eidos, co apoio da Secretaría Xeral Técnica nos aspectos xurídicos*
- *Para o reforzo da estrutura créanse o Servizo de Contratación, coa fin de axilizar a tramitación de expedientes, e o de Obra de Edificación, que asumirá o seguimento da execución das actuacións*
- *Cómpre lembrar que este incremento de responsabilidades xa se iniciou na pasada lexislatura coas primeiras encomendas da Consellería de Sanidade, como a xestión dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, xa finalizados*
- *Neste lexislatura prevese a encomenda de máis de 20 actuacións estratéxicas, polo que o volume de obra, contando co xa encomendado, podería superar os 130 millóns de euros*
- *No que se refire ao sector sanitario, a AXI continuará coa ampliación do Hospital da Costa en Burela ou coa construción de centros de saúde promovidos polo Sergas, como por exemplo os de Gondomar ou Ares*
- *A AXI tamén prevé entre as liñas que vai desenvolver aquelas infraestruturas de carácter educativo ou social promovidas polo Executivo autonómico*
- *Ademais das novas competencias, a AXI continuará co impulso de proxectos estratéxicos como a autovía do Morrazo ou iniciativas como o Plan de sendas de Galicia ou o Plan de reforzos de firme*

O Consello da Xunta autoriza o Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, co obxectivo de consolidar este organismo como centro de execución das principais obras públicas da Administración autonómica. Dótase así a Axencia da estrutura necesaria para a construción de, ademais das infraestruturas viarias, os equipamentos sanitarios ou educativos, entre outros.

A Xunta de Galicia proxectou para esta lexislatura a potenciación da Axencia Galega de Infraestruturas como órgano especializado na contratación e execución de obras promovidas pola Administración autonómica, máis alá das propias en materia de estradas de titularidade autonómica.

Cómpre lembrar que este incremento de responsabilidades xa se iniciou na pasada lexislatura coas primeiras encomendas por parte da Consellería de Sanidade, que aproveitando a súa capacidade en materia de contratación e de control e seguimento

de obras, foi solicitando a súa colaboración ou directamente encomendando a licitación e execución de obras. Neste sentido, pódense citar encomendas como a xestión dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, xa finalizados; ou da construción de centros de saúde como o de Ares, cuxos traballos comezaron esta semana; ou de Gondomar, coas actuacións xa licitadas.

O novo decreto optimiza o funcionamento da Administración, reforzando á AXI na súa vertente técnica e de contratación, de modo que se especialice neses eidos. A Axencia Galega de Infraestruturas contará coa colaboración da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, que se encargará dos labores transversais de apoio xurídico, en materia de xestión de persoal, ou de desenvolvemento normativo.

Dous novos servizos

Para o reforzo da estrutura da Axencia Galega de Infraestruturas créanse dous novos servizos, un deles o de contratación, para darlle resposta ao incremento da carga de traballo derivada da asunción de novas funcións en materia de edificación e axilizar a tramitación de expedientes contractuais.

Esta estrutura tamén se consolida co Servizo de Obra de Edificación, que terá o obxectivo de levar a cabo o seguimento e control da execución das obras de edificación encomendadas á Axencia Galega de Infraestruturas. Este organismo dependerá da Área de Construción, Explotación e Seguridade Viaria. O actual Servizo de Obras cambia a súa denominación a Servizo de Obra Civil, de modo que continúe a exercer o seu traballo en materia de construción e acondicionamento de estradas.

Proxectos estratéxicos

Unha vez convertida a Axencia Galega de Infraestruturas no órgano da Administración autonómica especializado na execución de obras máis alá das propias de estradas, prevese a encomenda de máis de 20 actuacións estratéxicas nesta lexislatura. O volume de obra, contando co xa encomendado, podería superar os 130 millóns de euros.

As actuacións con maior volume serán as relativas á construción de centros de saúde promovidos polo Sergas, continuando cos xa licitados de Gondomar ou Ares, cuxas obras veñen de comezar; e a ampliación do Hospital da Costa en Burela.

O eido da mobilidade tamén será obxectivo do traballo da AXI, sobre todo, as estacións intermodais das cidades galegas, derivadas dos proxectos que agora están en redacción.

A AXI tamén prevé entre as súas liñas de actuacións a desenvolver aquelas infraestruturas de carácter educativo ou social promovidas polo Executivo autonómico.

Ademais destas novas competencias, a Axencia Galega de Infraestruturas continuará a desenvolver o seu labor de xestión e mellora da Rede autonómica de estradas, na cal se enmarcan actuacións sobre a rede de altas prestacións como, por exemplo, a autovía do Morrazo, o Plan de sendas de Galicia; o Plan de reforzos de firme ou a conservación e mantemento da vialidade invernal da rede.

Esta reestruturación realízase sen que supoña custo adicional para o Goberno galego, reorganizando e reasignando as prazas necesarias do xeito máis adecuado.

Axencia Galega de Infraestruturas

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas. Así, no Consello da Xunta de 4 de agosto de 2011 creuse a AXI e aprobouse o Decreto 173/2011, que aprobaba o seu estatuto.

A AXI iniciou a súa actividade dando continuidade á competencia autonómica en materia de estradas, e acadou os seus obxectivos no período máis intenso de crise económica, con fitos como a aprobación da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, o seu Regulamento xeral, aprobado por Decreto 66/2016, e estendendo a rede de vías de altas prestacións un 66 % desde o ano 2009 de modo que máis dun 80 % da poboación de Galicia se atopa a día de hoxe en día a menos de 15 minutos dun eixo de altas prestacións.

A XUNTA CUMPRE CO SEU COMPROMISO E APROBA A OPE DE 1043 PRAZAS NO ENSINO PÚBLICO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á oferta de emprego en educación, que se publicará no Diario Oficial de Galicia nos vindeiros días*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe á oferta pública de emprego no ensino galego, un total de 1043 prazas en 25 especialidades diferentes. Deste xeito, o Goberno galego cumpre co seu compromiso de ter preparada a OPE para o momento en que o Goberno central fixese posible a súa aprobación, a partir da publicación no Boletín Oficial del Estado do Real Decreto-lei 6/2017, do 31 de marzo, que desbloquea a situación antes da aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado.

Cómpre lembrar que esta oferta pasou pola correspondente mesa sectorial hai aproximadamente un mes, e que a Consellería reiterou en numerosas ocasións a súa intención de mantela, pero de convocar as oposicións só cando se dera unha situación de seguridade e certeza xurídica tanto para os propios opositores como para a Administración autonómica.

Trámites preparados e culminados

Neste contexto, o departamento educativo da Xunta de Galicia decidiu seguir traballando e preparar todos os trámites dentro do ámbito da súa competencia co fin de culminar o procedemento unha vez que se dese a situación axeitada a nivel estatal. A publicación por parte do Goberno central do devandito real decreto lei fai posible agora dar este novo paso, o último previo á convocatoria oficial no DOG, que se producirá nos próximos días.

O cumprimento da folla de ruta que a Consellería estableceu con previsión abonda desde o primeiro momento permite que a convocatoria se faga en prazo e datas similares a outros anos. Non en balde, a do ano pasado 2016 foi publicada no DOG o 19 de abril.

Como vén sendo habitual, o inicio das probas selectivas realizarase unha vez rematado o curso escolar. A distribución de prazas por especialidade queda como segue:

CORPO	ACCESO	INGRESO	TOTAL
Profesores de ensino secundario	108	432	540
Profesores técnicos de formación profesional	--	80	80
Mestres	--	400	400



Profesores de música e artes escénicas	23	--	23
TOTAL	131	912	1.043

Especialidade	Prazas A2-A1	libre	Total
Profesores de ensino secundario			
Lingua Castelá e Literatura	12	50	
Xeografía e Historia	13	50	
Matemáticas	20	80	
Física e Química	13	50	
Bioloxía e Xeoloxía	9	30	
Inglés	12	50	
Educación Física	5	20	
Lingua Galega e Literatura	12	50	
Análise e Química Industrial	3	15	
Asesoría e Imaxe Persoal	3	12	
Hostalaría e Turismo	3	15	
Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	3	10	
TOTAL	108	432	540
Profesores técnicos de FP			
Cociña e Pastalaría		10	
Equipos Electrónicos		18	
Laboratorio		14	
Mantemento de Vehículos		18	
Sistemas e Aplicacións Informáticas		20	
TOTAL	-	80	80

Mestres			
Educación Infantil		50	
Lingua Estranxeira: Inglés		45	
Lingua Estranxeira: Francés		20	
Educación Física		35	
Música		35	
Pedagogía Terapéutica		80	
Audición e Linguaxe		70	
Educación Primaria		65	
TOTAL	-	400	400
Profesores de Música e Artes Escénicas			
Especialidade	Prazas A1-A1	libre	Total
Acordeón	2		
Clarinete	2		
Guitarra	2		
Frauta Travesa	1		
Óboe	1		
Piano	5		
Viola	1		
Violín	2		
Violoncello	1		
Linguaxe Musical	6		
TOTAL	23	-	23

TURISMO REFORZA A SÚA APOSTA POLA CONSERVACIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS E IMPULSA A COOPERACIÓN ENTRE OS MUNICIPIOS DESTA RUTA XACOBEA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés***
- ***Turismo de Galicia posibilitará, cunha achega total para os anos 2017, 2018 e 2019 de 1.162.050 euros, actuacións para o mantemento e conservación desta Ruta e a atención e información continuada aos peregrinos de todo o Camiño e do fito xacobeo***
- ***Tamén se inclúe a inscrición destes concellos na Asociación de Municipios do Camiño Francés, para fomentar a súa cooperación***
- ***Esta Ruta Xacobeo continúa a ser o itinerario máis transitado, pechando este primeiro trimestre do ano co 60 % dos peregrinos que chegaron a Compostela***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés -Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela-.

A través deste convenio, Turismo de Galicia continúa coa súa aposta pola conservación e mantemento do Camiño Francés, o itinerario máis transitado das Rutas Xacobeas, cun convenio que nesta ocasión será plurianual, cunha achega total de 1.162.050€ para os anos 2017, 2018 e 2019.

Grazas a este investimento os concellos galegos polos que transcorre o Camiño Francés a Santiago poderán levar a cabo diversas actuacións destinadas ao mantemento e conservación desta Ruta Xacobeas e á atención e información continuada e específica de todo o Camiño e do fito xacobeo aos peregrinos.

Ademais, ao abeiro deste convenio, estes concellos entrarán a formar parte da Asociación de Municipios do Camiño Francés, entidade de ámbito nacional sen ánimo de lucro que ten, entre os seus fins principais establecer relacións de cooperación entre todos os municipios polos que discorre esta Ruta para a súa protección e promoción.

Do mesmo xeito, mediante este acordo, os concellos que atravesan o Camiño Francés en Galicia comprométese a levar a cabo unha atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos peregrinos.

Para iso, comprométese á contratación de persoal con formación en turismo e coñecementos do Camiño de Santiago entre os meses de abril a setembro –ambos

incluídos-, a actualización continua da información facilitada a través das súas páxinas web e a edición de material informativo específico.

A Ruta Xacobeá máis transitada

Con este convenio Turismo de Galicia reforza o seu compromiso con esta ruta, que continúa a ser o itinerario con maior número de peregrinos.

Como itinerario máis transitado, o Camiño Francés precisa un valor máis alto de protección, así como unha atención aos peregrinos de xeito continuado.

En 2016, Galicia pechou o ano cun total de 277.854 peregrinos, dos que 176.075 escolleron esta ruta, o que supón o 63,37 % do total. En no que vai de ano 2017, a tendencia continúa.

Neste primeiro trimestre, os peregrinos que escolleron o Camiño Francés supoñen o 60 % de todos os que selaron a Compostela.

A XUNTA CONVOCA CEN BOLSAS PARA ATRAER Á GALICIA TERRITORIAL OS CURRÍCULOS UNIVERSITARIOS MÁIS BRILLANTES DO EXTERIOR

- *A mocidade galega con titulación universitaria residente no estranxeiro pode optar ás 'Bolsas Excelencia Mocidade Exterior', iniciativa da Secretaría Xeral da Emigración*
- *Os primeiros beneficiarios iniciarían os seus estudos nalgunha das tres universidades galegas este mes de setembro*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a convocatoria, por parte da Secretaría Xeral da Emigración, das novas 'Bolsas Excelencia Mocidade Exterior', coas que o Goberno galego posibilitará que cen titulados universitarios galegos e de currículo brillante, residentes no estranxeiro e cunha titulación de grao, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, poidan cursar estudos de máster nalgunha das tres universidades galegas.

A iniciativa será xestionada por Emigración en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as universidades galegas, e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, para atraer cada ano galegos que viven fóra e que completen aquí a súa formación especializada, traballen en Galicia e fixen definitivamente a súa residencia no territorio galego.

Esta nova medida captará para Galicia o talento máis brillante de entre as mozas e os mozos residentes fóra, fomentando o retorno da poboación activa laboral e contribuindo a fixar novos residentes no territorio. A oferta centrarase en estudos con capacidade de absorción no tecido produtivo e laboral galego. O investimento inicial por curso académico desta iniciativa é de 1.000.000 de euros.

Os beneficiarios da iniciativa deben ser galegos por nacemento ou descendente por consanguinidade, acreditar un mínimo de dous anos de residencia no Exterior, e estar admitidos na preinscrición dalgún dos másters das universidades galegas. A bolsa, cuxo importe é de 7.000 ou 7.650 euros (segundo a persoa beneficiaria proceda de Europa ou do resto do mundo) por curso completo de 60 créditos ECTS, destínase a cubrir os gastos de matrícula, viaxe, aloxamento e manutención na Galicia territorial.

A idea do Goberno galego é axilizar o proceso de convocatoria, de maneira que a selección entre os solicitantes se realice canto antes e, así, os primeiros beneficiarios desta novidosa iniciativa comezan os seus estudos este mesmo mes de setembro, coincidindo co inicio da maioría dos másters das universidades.

Máis información sobre as bolsas na ligazón

<http://emigracion.xunta.gal/bolsas-excelencia-mocidade-exterior-2017#t652n34076>

A XUNTA ACHEGA AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE 2,32 MILLÓNS DE EUROS

- *A asignación mantense estable respecto ao ano anterior*
- *A Xunta contribúe así ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do Estatuto de capitalidade desta cidade. A cantidade que a Xunta achegará ao Concello para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma e sede das institucións autonómicas ascende a 2.325.000 euros, un importe igual ao de 2016.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

Neste marco, realizarase unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido na Lei 4/2002, e de que estes foron destinados a financiar os gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade, que ademais será o encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento do convenio aprobado hoxe.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma co que se pretende contribuír ao pagamento dos servizos e gastos do Concello motivados por este estatuto de capitalidade.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A RENOVACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DA CORUÑA PARA O ANO 2018 MEDIANTE UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 3,6 MILLÓNS DE EUROS

- *Este acordo permite darlle continuidade un ano máis a un plan social que en 2016 permitiu subvencionar preto de 6 millóns de viaxes en autobús na área da Coruña e case 14 millóns de desprazamentos en toda Galicia*
- *A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80 % dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100 % do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos*
- *Ademais, máis de 12.200 menores de 19 anos desta área de transporte disfrutan das viaxes interurbanas gratuítas co emprego da tarxeta 'Xente Nova'*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a proposta de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2018 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña. Grazas a este acordo garántese a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios.

O Executivo autonómico achegará na área herculina máis de 3,6 millóns de euros para manter en funcionamento en 2018 o Plan de Transporte Metropolitano da Coruña, nunha zona en que o pasado exercicio permitiu bonificar preto de 6 millóns de viaxes en autobús.

A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80 % dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100 % do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos.

Grazas á renovación deste acordo, manterase a vixencia do billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no que se aplican descontos adicionais a membros de familias numerosas, destacando tamén as bonificacións adicionais a estudantes da Universidade da Coruña.

Neste plan, o Goberno galego contribúe co 80 % da bonificación no traxecto principal e aos concellos participantes correspóndelles achegar o 20 % restante. Así mesmo, a Xunta contribúe coa bonificación do 100 % dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15 %) e ás familias numerosas, cun 20 % ou 50 % segundo se teñen tres ou máis fillos.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en 5 áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo) con 65 concellos

incorporados, permitiu subvencionar o pasado ano case 14 millóns de viaxes bonificadas, un incremento de case o 9 % con respecto ao ano anterior.

A área de transporte metropolitano da Coruña está integrada por un total de 17 concellos: A Coruña, A Laracha, Arteixo, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carballo, Cambre, Carral, Cerceda, Curtis, Culleredo, Miño, Ordes, Oleiros, Oza-Cesuras e Sada.

Tarxeta *Xente Nova*

Actualmente, máis de 34.000 mozos menores de 19 anos viaxan gratis grazas á Tarxeta Xente Nova, implantada o ano pasado e que bonifica as viaxes no transporte metropolitano no 100 % do custo ata os 18 anos, unha medida que contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o transporte metropolitano. En concreto, na área de transporte metropolitano da Coruña distribuíronse máis de 12.200.

O obxectivo da iniciativa é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, para formar as novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A RENOVACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE SANTIAGO, MEDIANTE UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 1,3 MILLÓNS DE EUROS

- *Este acordo permite darlle continuidade un ano máis a un plan social que en 2016 permitiu subvencionar preto de 2,7 millóns de viaxes en autobús na área de Santiago e case 14 millóns de desprazamentos en toda Galicia*
- *A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80 % dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100 % do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos*
- *Ademais, máis de 6.100 menores de 19 anos desta área de transporte disfrutan das viaxes interurbanas gratuítas co emprego da tarxeta 'Xente Nova'*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a proposta de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2018 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago. Grazas a este acordo garántese a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios.

O Executivo autonómico achegará na área santiaguesa máis de 1,48 millóns de euros para manter en funcionamento en 2018 o Plan de transporte metropolitano de Santiago, nunha zona na que o pasado exercicio permitiu bonificar preto de 2,7 millóns de viaxes en autobús.

A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80 % dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100 % do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos.

Grazas á renovación deste acordo, manterase a vixencia do billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no que se aplican descontos adicionais a membros de familias numerosas.

Neste plan, o Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e aos concellos participantes correspóndelles achegar o 20 % restante. Así mesmo, a Xunta contribúe coa bonificación do 100 % dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15 %) e ás familias numerosas, cun 20 % ou 50 % segundo se teñen tres ou máis fillos.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en 5 áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu subvencionar o ano pasado case 14 millóns de viaxes bonificadas, un incremento de case o 9 % con respecto ao ano anterior.

A área de transporte metropolitano de Santiago está integrada por un total de 18 concellos: A Baña, A Estrada, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, O Pino, Ordes, Oroso, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

Tarxeta *Xente Nova*

Actualmente, máis de 34.000 mozos menores de 19 anos viaxan gratis grazas á Tarxeta Xente Nova, implantada o ano pasado e que bonifica as viaxes no transporte metropolitano no 100 % do custo ata os 18 anos, unha medida que contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o transporte metropolitano. En concreto, na área de transporte metropolitano de Santiago distribuíronse máis de 6.100.

O obxectivo da iniciativa é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, para formar as novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A RENOVACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE FERROL, MEDIANTE UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 1 MILLÓN DE EUROS

- *Este acordo permite darlle continuidade un ano máis a un plan social que en 2016 permitiu subvencionar preto de 2,2 millóns de viaxes en autobús e Feve na área da Ferrol e case 14 millóns de desprazamentos en toda Galicia*
- *A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80 % dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100 % do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos*
- *Ademais, máis de 4.800 menores de 19 anos desta área de transporte disfrutan das viaxes interurbanas gratuítas co emprego da tarxeta 'Xente Nova'*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a renovación do convenio entre o Goberno galego e Renfe polo que se instrumenta a integración dos servizos desta empresa na área de transporte metropolitano de Ferrol*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a proposta de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2018 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área de Ferrol. Grazas a este acordo garántese a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios.

O Executivo autonómico achegará na área ferrolá máis de 943.000 euros para manter en funcionamento en 2018 o Plan de transporte metropolitano de Ferrol, nunha zona en que o exercicio pasado permitiu bonificar preto de 2,2 millóns de viaxes.

A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80 % dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100 % do custo dos transbordos urbanos, que son gratuítos. No caso de Ferrol, o Plan de Transporte Metropolitano inclúe os servizos ferroviarios de Feve entre os concellos integrados.

Grazas á renovación deste acordo, manterase a vixencia do billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no que se aplican descontos adicionais a membros de familias numerosas.

Neste plan, o Goberno galego contribúe co 80 % da bonificación no traxecto principal e aos concellos participantes correspóndelles aportar o 20 % restante. Así mesmo, a Xunta contribúe coa bonificación do 100 % dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15 %) e ás familias numerosas, cun 20 % ou 50 % segundo se teñen tres ou máis fillos.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en 5 áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiulle subvencionar o ano pasado case 14 millóns de viaxes bonificadas, un incremento de case o 9% con respecto ao ano anterior.

A Área de Transporte Metropolitano de Ferrol está integrada por un total de 11 concellos: Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño.

Tarxeta *Xente Nova*

Actualmente, máis de 34.000 mozos menores de 19 anos viaxan gratis grazas á Tarxeta Xente Nova, implantada o ano pasado e que bonifica as viaxes no transporte metropolitano no 100 % do custo ata os 18 anos, unha medida que contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o Transporte Metropolitano. En concreto, na área de transporte metropolitano da Ferrol distribuíronse máis de 4.800.

O obxectivo da iniciativa é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, para formar as novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

Renovación do convenio con Renfe

Por outra parte, o Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a prórroga do convenio entre o Goberno galego e a entidade pública *Renfe Viajeros*, polo que se instrumenta a integración desta empresa na área de transporte metropolitano de Ferrol. Grazas a este acordo dáselle continuidade no ano 2018 á participación nas vantaxes do Plan de transporte metropolitano de Galicia aos servizos de transporte que Renfe Viajeros (anteriormente FEVE) desenvolve nesta área.

Deste xeito, séguese a apostar pola multimodalidade no eido do Plan e coa renovación deste acordo, continúa coa vixencia o billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no que se aplican descontos adicionais a membros de familias numerosas e destacan tamén as bonificacións adicionais a estudantes da Universidade da Coruña no campus de Ferrol.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A RENOVACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE LUGO, MEDIANTE UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 120.000 MILLÓNS DE EUROS

- *Este acordo permite darlle continuidade un ano máis a un plan social que en 2016 permitiu subvencionar preto de 140.000 viaxes en autobús na área de Lugo e case 14 millóns de desprazamentos en toda Galicia*
- *A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100% do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos*
- *Ademais, case 1.000 menores de 19 anos desta área de transporte desfrutan das viaxes interurbanas gratuítas co emprego da tarxeta 'Xente Nova'*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a proposta de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2018 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Lugo. Grazas a este acordo garántese a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios.

O Executivo autonómico achegará na área herculina case 120.000 millóns de euros para manter en funcionamento en 2018 o Plan de Transporte Metropolitano de Lugo, nunha zona en que o exercicio pasado permitiu bonificar preto de 140.000 viaxes en autobús.

A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80 % dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100 % do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos.

Grazas á renovación deste acordo, manterase a vixencia do billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no que se aplican descontos adicionais a membros de familias numerosas.

Neste plan, o Goberno galego contribúe co 80 % da bonificación no traxecto principal e aos concellos participantes correspóndelles achegar o 20 % restante. Así mesmo, a Xunta contribúe coa bonificación do 100 % dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas, cun 20 % ou 50 % segundo se teñen tres ou máis fillos.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en 5 áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu subvencionar o ano pasado case 14 millóns de viaxes bonificadas, un incremento de case o 9 % con respecto ao ano anterior.

A Área de Transporte Metropolitano de Lugo está integrada por un total de 9 concellos: Baleira, Castro de Rei, Castroverde, Friol, Gutín, Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade,

Tarxeta *Xente Nova*

Actualmente, máis de 34.000 mozos menores de 19 anos viaxan gratis grazas á Tarxeta Xente Nova, implantada o ano pasado e que bonifica as viaxes no transporte metropolitano no 100 % do custo ata os 18 anos, unha medida que contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o transporte metropolitano. En concreto, na área de transporte metropolitano de Lugo distribuíronse case 1.000.

O obxectivo da iniciativa é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, para formar as novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

O SERGAS DESTINA MÁIS DE 2,1 MILLÓNS DE EUROS NA PRIMEIRA COMPRA CENTRALIZADA DE SONDAS E OS SEUS ACCESORIOS

- *Esta contratación permitirá un aforro de máis de 450.000 euros e a subministración irá destinada a todas as xerencias*
- *A centralización desta subministración permitirá unha mellora nos prezos e a homoxeneidade dos produtos en todos os centros do Sergas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de sondas de alimentación, urolóxicas, de aspiración, rectais e outras sondas e os seus accesorios, con destino ás estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde (Sergas).

O orzamento total de licitación é de 2.131.614,11 € (IVE engadido) para os próximos dous anos. É a primeira vez que se licitan de forma centralizada estes produtos, o que permitirá a diminución do seu custo por efecto da economía de escala, o que redundará nuns niveis de aforro relevantes. O obxectivo final é lograr un decrecemento global dos prezos, cun aforro estimado de 452.158,75 €.

Doutra banda, a integración da contratación permite homoxeneiza estes produtos en todas as Xerencias Sanitarias. Isto é, manexarase unha única marca comercial para todos os centros do organismo autónomo que, ademais de asemellar as probas e tratamentos, facilitará a creación dun único inventario na Plataforma loxística do Sergas.

A contratación divídese en 49 lotes de produtos para favorecer a participación aberta de todas as empresas que o desexen. A licitación, que se realiza de forma centralizada, abarca ata o 69 % deste tipo de produtos.

Plan de Compras Centralizadas 2016-2017

Esta contratación está enmarcada no Plan de compras centralizadas do Sergas 2016-2017. Este plan prevé para este período a realización dun total de 58 expedientes de compra para todos os centros do Sergas, por un valor de compra anual de 159,6 millóns de euros. Destas contratacións, 122,9 millóns de euros son compras de produtos e servizos que se incorporan por primeira vez ao sistema de compras integradas deste organismo.

Con este plan, a Consellería de Sanidade contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público da nosa comunidade, reducindo os prezos dos bens e servizos adquiridos no mercado, e mellorando e homoxeneizando a súa calidade en todo o sistema sanitario público.

Cómpre lembrar que os obxectivos do Plan, no que colaboran todas as estruturas de xestión do Servizo Galego de Saúde, son, por un lado, avanzar cara a central de compras, unificando o máximo posible os produtos almacenados na Plataforma loxística do Sergas; e, por outro, contribuír á sustentabilidade económica do sistema, diminuindo os prezos de compra nun 10 % como mínimo, debido ao incremento da escala de compra e á homoxeneización dos produtos adquiridos.

A XUNTA BLINDA O SERVIZO DE VIXILANCIA, LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN E SALVAMENTO MARÍTIMO EN GALICIA

- *Dá inicio á tramitación do concurso público para a contratación de dúas aeronaves e dos medios precisos para a prestación destes labores*
- *Galicia continúa a ser a única comunidade autónoma cun servizo autonómico destas características e calibre*
- *No concurso redúcese en 24 horas o tempo máximo de substitución da aeronave en caso de que un helicóptero quede fóra de servizo*

O Consello da Xunta deu luz verde ao inicio da tramitación da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros adscritos ao servizo de Gardacostas de Galicia, da Consellería do Mar, para a prestación dos labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Este contrato terá unha vixencia inicial de catro anos e o seu importe total para este período é de algo máis de 26 millóns de euros. A empresa que resulte adxudicataria prestará o mesmo servizo que se vén desenvolvendo en Galicia desde 1.990, garantindo a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas do día, cun tempo máximo de resposta de dez minutos.

Dentro deste concurso destaca como novidade a redución en 24 horas do tempo de substitución da aeronave. Así, queda estipulado que, no caso de que un helicóptero quede fóra de servizo por calquera causa, a empresa adxudicataria poñerá á disposición da Consellería do Mar un helicóptero de substitución no prazo máximo de 48 horas. Esta condición é superior á que se exixía no anterior contrato e que continúa a exixir Salvamento Marítimo do Ministerio de Fomento na actualidade, que establece para o período de substitución un máximo de 72 horas.

Ademais incorpórase o sistema AIS de xestión de frota e transmisión de imaxes en tempo real. Isto permitiría ver nun ordenador en tempo real, de maneira que se poidan visualizar no momento as imaxes que se gravan desde os helicópteros, permitindo mellorar sensiblemente a coordinación do operativo. A maiores, establécese que a empresa que sexa adxudicataria se compromete a cubrir as baixas por enfermidade ou incapacidade repentina do persoal nun prazo máximo de 3 horas.

Este novo proceso de contratación realízase para seguir prestando o servizo de salvamento marítimo a través de medios aéreos, tendo en conta que o contrato actual está vixente ata o 31 de outubro de 2017.

O Servizo de Gardacostas

Galicia é a única comunidade autónoma que conta con Servizo de Gardacostas e tamén a única que pon á disposición de Sasemar (Salvamento Marítimo do Estado) os seus medios para actuar en cantas operacións e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.

Este organismo, dependente da Consellería do Mar, encárgase da vixilancia, busca, salvamento e protección do medio mariño nas augas galegas e opera as 24 horas os 365 días do ano. Para desenvolver os seus labores conta cos helicópteros Pesca 1, con base en Vigo, e co Pesca 2, con base en Celeiro. Tamén con varios medios terrestres e marítimos itinerantes e distribuídos nas distintas unidades operativas. O servizo aéreo de rescate de Gardacostas naceu en 1990 e nos 27 anos da súa traxectoria salvou a vida de máis de 1.500 persoas.

O PLAN DE ESTABILIDADE DO SERGAS REDUCIRÁ AO 5 % A PORCENTAXE DE EVENTUALIDADE DOS TRABALLADORES SANITARIOS

- ***Reforza a aposta da Xunta pola estabilidade no emprego, mantén o compromiso da periodicidade anual da OPE, e reforza o compromiso de mobilidade voluntaria dos profesionais***
- ***No período 2017-2018 dotaranse os cadros de persoal de arredor de 800 prazas***
- ***O Plan, que foi negociado na Mesa Sectorial de Sanidade, está subscrito polos sindicatos profesionais (CEMS-OMEGA, SATSE e CSIF)***

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe o Consello da Xunta da próxima sinatura do Plan de estabilidade no emprego e de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

O Plan tradúcese na continuación da aposta da Xunta pola estabilidade no emprego reducindo dun 8 % a un 5 % a porcentaxe de eventualidade no Sergas; unha porcentaxe tres puntos por debaixo da anunciada recentemente polo Ministerio de Facenda e Función Pública para reducir a temporalidade dos empregados públicos.

En todos os servizos sanitarios do Sistema nacional de saúde estase a producir nos últimos anos un incremento da temporalidade do persoal estatutario derivado da obriga na lexislación estatal de emprego público, a través dos límites da taxa de reposición de efectivos establecidos.

Con todo, entre 2012 e 2016, o Sergas aprobou as OPE co número máximo posible permitido pola lexislación orzamentaria, un total de 1.606 prazas.

Así, no período 2017-2018 dotaranse os cadros de persoal con arredor de 800 prazas para a conversión de persoal eventual en interinidades en praza vacante. O 50 % desta medida xa está executada, coa conversión na data de hoxe de 438 nomeamentos de servizo determinado en interinos. No segundo semestre deste ano formalizaranse 200 novas interinidades, e outras 200 no primeiro semestre de 2018.

Ademais de potenciar o traballo estable, o Plan mantén o compromiso da realización de ofertas públicas de emprego anuais co número máximo de prazas vacantes que permita a lexislación básica orzamentaria. E en concreto, fixa a posibilidade de facer unha oferta de 1.600 prazas en 2017 se a lexislación orzamentaria estatal o permite.

O documento, que foi negociado en Mesa Sectorial de Sanidade e subscrito polos sindicatos profesionais (CEMS-OMEGA, SATSE e CSIF), permitirá acadar máis estabilidade laboral do persoal, o que redundará nunha mellora da calidade de atención prestada á cidadanía.

Máis mobilidade e conciliación para o persoal

Ademais, o Plan reforza o compromiso de mobilidade voluntaria dos profesionais facilitando a conciliación da vida familiar e laboral, incluíndo nos concursos de traslados prazas cubertas con nomeamentos de interinidade formalizados en execución do propio Plan de estabilidade.

Tamén regula implantación ao longo deste ano dun concurso aberto e permanente para garantir unha mobilidade do persoal propietario máis áxil, cara a destinos próximos ás súas localidades de residencia ou con mellores expectativas de desenvolvemento profesional.

Transparencia nas contratacións

Na procura dunha simplificación da tramitación e ofrecendo maior transparencia, o Plan prevé a incorporación a tramitación electrónica a través da ferramenta en liña FIDES/Expediente-e de diferentes procesos de provisión como postos de xefatura e coordinación ou persoal directivo.

Así mesmo, no marco do Plan desenvolverase o procedemento de selección de persoal licenciado sanitario facultativo especialista de área conforme unhas bases negociadas, de aplicación común e uniforme en todas as xerencias do Sergas.